

III Asemblea Cidadá
Podemos Galicia

Documento Feminismos e LGTBI

**EN GALICIA
PODEMOS.**

1. Documento político

Sen igualdade non hai democracia.
Para recuperar o noso país, volve un Podemos para todas.

Catro anos despois do nacemento de Podemos, e tras moito traballo feminista dende os órganos, os círculos e as institucións, hoxe é moito máis compartida a opinión de que, para gañar, Podemos debe ser feminista e ofrecer un proxecto ás mulleres do noso país. Podemos naceu cun claro obxectivo: converter as nosas indignacións en cambio político, facer xustiza social. Non hai xustiza social sen xustiza de xénero; e por suposto, sen mulleres, sen igualdade, non hai democracia. Por iso Podemos Galicia ten que ser feminista.

Desde a nosa candidatura, apostamos por reforzar esta identidade feminista, facela estratéxica e que o feminismo sexa un eixo chave e transversal tanto no ámbito das políticas públicas como no ámbito organizativo. Estamos firmemente convencidas de que o xénero é unha realidade que atravesa toda a sociedade. E por iso apostamos por un paradigma de diversidade sexual e de xénero, onde converxan as loitas das mulleres e as persoas LGTBI nun marco amplo, interseccional, desde o cal traballar para a transformación social, para recuperar as institucións do noso país para a xente.

Despois dun ciclo político convulso, con varias contendas electorais, chegou o momento de dotarnos dunha nova perspectiva tanto en relación co noso obxectivo político como co noso modelo organizativo. Temos que incorporar no debate territorial o feminismo, capaz de transformar as nocións de plurinacionalidade e descentralización, e articularlas de acordo con obxectivos socialmente transformadores.

Feminismo para a esperanza: unha oportunidade para a esquerda.

O feminismo atópase nun momento transcendental. Nunca antes as súas demandas gozaran de tanta popularidade e apoio. Varios acontecementos recentes constatan como se está convertendo nun movemento social hexemónico e como podemos atoparnos mesmo ante o nacemento dun feminismo global que dea lugar a unha nova onda. O xurdimento dos movementos #MeToo e #NiUnaMenos, coas súas denuncias de acoso sexual no ámbito de Hollywood e as súas manifestacións contra os feminicidios e as violencias machistas que contaron cun eco en todo o mundo e en todos os ámbitos, e o éxito sen precedentes da folga e as mobilizacións feministas o pasado 8 de marzo en todo o mundo e moi especialmente no noso país. Doutra banda, vimos como nos últimos comicios electorais celebrados tanto en Europa como noutras partes do mundo como EEUU, foron as mulleres as que se mobilizaron para frear o auxe da extrema dereita. A mesma hipótese parece corroborarse en cada cita electoral española, así como nos intereses sinalados por homes e mulleres nas enquisas do CIS. Mentres os homes se seguen preocupando por cuestións máis identitarias, as mulleres do noso país seguen poñendo como prioridade a sanidade. As mulleres puxéronlle rostro á crise, converténdose elas no Estado de benestar que os Gobernos do PP esnaquizaron coas súas políticas. As mulleres galegas coidaron aos esquecidos polas políticas de Feijóo.

Nun momento como o actual, as feministas aspiramos a que os dereitos das mulleres ocupen un espazo central no taboleiro político e marquen a axenda. Para iso as mulleres temos que participar activamente e como protagonistas nun momento politicamente constituínte, no que a nosa tarefa é reordenar o mapa de prioridades. Necesitamos construír un feminismo que atravesese o noso país de punta a punta, un

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

feminismo radicalmente democrático, que interpele a todos e todas, ao alcance de todas as mulleres e homes, sexan cales sexan os seus traballos, razas, clases, xéneros, nacionalidades e problemas. Un feminismo que se articule como o motor necesario para impulsar a construción dunha orde social nova, no que a redistribución e a creación de novos sectores estratéxicos permita que as vidas das mulleres e os homes contén por igual. Un feminismo que funcione tamén agregando todos eses desexos en demandas colectivas: o xénero, o sexo, e a familia que queiramos, a mesma nómina, os mesmos dereitos, a mesma presenza e visibilidade como a mellor oportunidade para esa transformación social. Nomear esas dores e desexos, todas esas demandas, e poñer encima da mesa esa nova orde alternativa, así como xerar recursos para todo o anterior, debe ser unha prioridade do espazo político que queremos reformular e, tal como o son na sociedade á que nos debemos, por suposto estas tarefas deben ser tamén prioritarias nas institucións nas que traballamos.

Unha Galicia para todas. Gobernar desde o feminismo.

A entrada de Podemos nas institucións marcou sen dúbida un antes e un despois na forma de facer política no noso país. A chegada dos concellos do cambio demostrou que podemos cambiar as nosas cidades, traballar desde o feminismo para facelas máis xustas, máis igualitarias, solidarias e participativas. O exemplo das tarefas desenvolvidas polas Concellerías de Feminismos e LGTBI dos nosos Gobernos do cambio son para nós referentes a seguir.

Tamén dende o Parlamento galego e no Congreso dos Deputados demostramos que viñemos cambiar as institucións, construír unha democracia plena onde a xustiza de xénero sexa un camiño irrenunciábel para poñer fin ás desigualdades e apostar por un mundo sustentable.

Pronto se abrirá un novo ciclo electoral onde temos dous obxectivos primordiais: revalidar os concellos do cambio, para seguir demostrando a capacidade transformadora dun municipalismo feminista, e gañar o goberno do Estado español en 2020, para lograr esta revolución democrática pola cal nacemos. Podemos Galicia terá un papel fundamental en ambos os obxectivos, e temos que articularnos organizativamente para poder facerlles fronte.

Un país mellor, un país feminista.

Despatriarcalizar la política

Queremos garantir novas formas de facer que cambien a representación, que inclúan temáticas ata agora non lexitimadas na axenda pública, que desenvolvan espazos sen desigualdades nin discriminacións. Isto significa implementar novas políticas públicas que respondan á desigualdade por razón de xénero, políticas que crean e garantan as condicións necesarias que permitan a mulleres e homes gozar dun desenvolvemento social, político e económico, e participar na súa configuración desde todas as esferas, públicas e privadas, de maneira equitativa, e que sexan as claves para a fundamentación de modelos de cidadanía que respondan ás novas realidades sociais.

Sen igualdade non hai democracia.

Necesitamos profundar en eliminar aqueles obstáculos que impiden poder falar de igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Non soamente necesitamos feminizar os espazos públicos e de poder, se non que temos que garantir que máis aló das

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

cuestións formais, garantamos tamén as materiais. Desde Podemos Galicia queremos defender un feminismo do 99%, que aposte polo recoñecemento dos nosos dereitos, pero tamén pola redistribución, loitando activamente contra a feminización da pobreza, a brecha de xénero nas pensións, especialmente grave en Galicia; e a fenda de xénero no ámbito laboral.

Dereito aos coidados

Desde Podemos Galicia queremos despatriarcalizar a política actual e que devese feminista. Neste sentido entendemos que as políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes non teñen que perseguir cambiar ás mulleres para que teñan éxito nun mundo masculino e patriarcal, senón que teñen que dar instrumentos a mulleres e homes para que sexa posible a súa corresponsabilidade e coparticipación en todas as esferas da vida cotiá: produtiva, reprodutiva, de formación, de lecer, pública e comunitaria. Sen dúbida estas ferramentas teñen a ver coa firme defensa dunha economía feminista, unha economía de coidados que poña a vida no centro, e que sen dúbida debe ser un sector estratéxico nun país envellecido coma o noso no que unha gran parte da cidadanía demanda coidado. Debemos traballar activamente por un sistema nacional de dependencia, por dignificar e eliminar a precariedade do traballo de coidados, incluír no ensino público gratuito a educación infantil de 0 a 3 anos, equiparar os permisos de maternidade e paternidade e unha mellora da xestión do tempo e a conciliación.

Dereito á identidade sexual

A despatriarcalización da política tamén quere dicir acabar definitivamente co sexismo estrutural, coa violencia machista e LGTBIfóbica, non só directa senón tamén institucional, co acoso e os abusos sexuais que sufrimos mulleres e persoas LGTBI en todos os ámbitos. As relacións afectivas desiguais, consecuencia do binarismo de xénero, dos estereotipos e dos diferentes roles sociais asociados a homes e mulleres, ou a desigual participación no espazo público, teñen que ser abordadas como cuestións políticas urxentes que nos interpelan a todas e a todos, e que temos que resolver para garantir a democratización radical da sociedade. Debemos traballar por mellorar a calidade de vida das persoas transexuais, obxectivo que trincou de maneira específica o Goberno de Feijóo tumbando a proposta de lei integral de identidade de xénero que se traballara dende o colectivo, así como eliminar todas as formas de discriminación por orientación sexual, identidade sexual ou de xénero. Tamén traballar por mellorar a calidade da reprodución asistida para as mulleres lesbianas.

Dereito a decidir

O Partido Popular foi mingando a calidade dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos de xeito constante. Tanto foi así que hoxe, no noso país, vivimos verdadeiras historias de terror a través de moitas mulleres que quixeron interromper voluntariamente o seu embarazo e non padeceron máis que problemas. Debemos conseguir que o aborto sexa libre, gratuito e unha prestación de calidade no sistema nacional de saúde, desenvolvéndose con normalidade nos hospitais públicos galegos. Ademais urxe incorporar contidos de igualdade específicos nos centros educativos, alén de recuperar a educación sexual e incorporar axentes de igualdade nas nosas escolas, pois teñen que ser un espazo fundamental de loita contra o machismo. Igual que o machismo se aprende, a igualdade, tamén.

Dereito a unhas vidas libres de violencias machistas

Un obxectivo ineludible para Podemos Galicia é acabar coas violencia machistas e isto comporta abordar esta violencia como expresión básica das desiguais relacións de poder entre homes e mulleres. Un país no que homes e mulleres conviven en igualdade é aquel no que as vidas dunhas e outros valen o mesmo, no que ambos son protexidos da mesma maneira e ninguén ten medo de volver a casa soa. A mellor seguridade cidadá é o feminismo.

2. Documento organizativo

Democracia paritaria: cara os liderados corais e feministas

Tal e como se aprobou no Documento de Feminismos de Vista Alegre 2, Podemos Galicia debe garantir unha democracia paritaria de mínimos como principio político, organizativo e ético que encamiñe a acción política, o que significa lograr un mínimo de 50% de mulleres en tódolos espazos de participación e de toma de decisión da organización. Para iso é necesario que formulemos cuestións relativas á participación das mulleres dentro do noso espazo político. Se algo nos demostrou este último ano e as multitudinarias mobilizacións feministas arredor do 8M, é a capacidade de organización e participación das mulleres, porén esta participación baixa cando falamos dos espazos políticos.

Cales son as características dos espazos feministas que nos fan sentir seguras e que non se dan no noso espazo político? Existen particularidades intrínsecas aos espazos políticos, máis alá das dificultades de conciliación, que os converten en espazos hostís para as mulleres? Comportamentos heteropatriarcais como a competitividade, a confrontación ou o desprestixio da actividade política repelen maiormente ás mulleres?

A incorporación plena das mulleres á vida política pasa polo cuestionamento e reformulación dos espazos políticos, dende o debate pero tamén dotándonos de ferramentas organizativas que propicien esa participación, comezando por deixar atrás os liderados monolíticos, tan propios dos modelos heteropatriarcais, e substituíndoos por liderados corais e feministas. Debemos implantar metodoloxías que fomenten a participación das mulleres en toda a súa diversidade, especialmente ás mulleres das clases populares e traballadoras, facilitando o seu empoderamento.

Por isto propoñemos a paridade en listas, cunha cota mínima de 50% de mulleres en formato cremallera, —sempre que esta non nos prexudique— favorecendo a presenza dun maior número de mulleres entre os cinco primeiros postos. Tamén que tódolos órganos políticos, comisións, áreas, grupos de traballo, voceirías, enlaces ou equipos técnicos sexan paritarios e conformados por mulleres de tódalas idades e condicións. Asemade, tódalas contratacións de persoal na organización e nas institucións nas que Podemos Galicia acade representación (persoal asesor e grupos parlamentarios e municipais) serán paritarios, cun mínimo de 50% de mulleres.

Tódolos actos do partido serán paritarios, respectando unha participación mínima dun. 50%. No caso de que a participación das mulleres sexa inferior recorrerase ás enlaces feministas dos círculos que acrediten a formación para cubrir estes espazos. Velarase pola inclusión da perspectiva de xénero en tódolos actos co fin de acadar un proceso de transversalidade real e efectivo.

Participación, corresponsabilidade e coidados

Para garantir a participación das mulleres, debemos implementar fórmulas que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Propiciando un modelo de corresponsabilidade que permita conciliar vida con militancia.

- Participación online e voto telemático. Facilitarase a participación online e o voto telemático en reunións e asembleas. De este modo, aquelas mulleres que teñan familiares ao seu cargo poderán participar na toma de decisións.
- Convocatoria de reunións, asembleas e formacións. As convocatorias a reunións, asembleas e formacións levaranse a cabo en horarios conciliadores e informarase da súa celebración cunha antelación mínima dunha semana, terán unha duración máxima de dúas horas e a orde do día especificará os tempos de cada punto.
- Espazo para crianzas e accesibilidade. Habilitaranse espazos para crianzas con actividades para elas en tódolos actos e asembleas, con partidas orzamentarias específicas. Garantirase que calquera espazo de participación de Podemos Galicia sexa accesible a tódalas persoas.

Os círculos como espazos feministas

Cada círculo nomeará a unha persoa que actuará como enlace de feminismos co CCA. Estes enlaces terán unha reunión trimestral coa Secretaría de Feminismos e LGTBI con rendición de contas sobre os avances en materia de feminismos e se formularán retos para o próximo trimestre.

Asemade, nas tarefas de extensión se integrará a perspectiva feminista e contarase cunha persoa con experiencia militante en xénero que se encargará de asesorar aos círculos nos primeiros encontros..

Secretaría de Feminismos LGTBI

Estará en tódolos espazos de toma de decisións. A coordinación da secretaría levaraa unha persoa con experiencia militante no ámbito de xénero. Os principios metodolóxicos serán a transversalidade e a interseccionalidade e traballará en coordinación co resto de secretarías e áreas do CCA. Terá as seguintes funcións:

- Garantir a transversalidade da perspectiva de xénero no traballo dos diferentes espazos orgánicos e de toma de decisión, nos discursos e na liña política. Supervisar que as políticas sociais que se promovan desde Podemos Galicia contemplan a interseccionalidade, é dicir, as discriminacións múltiples que condicionan especialmente ás mulleres e traballadoras, atravesadas non só pola precariedade, senón pola responsabilidade dos coidados, a diversidade funcional, o edadismo, a orientación sexual e a identidade de xénero non normativas, a estigmatización do traballo sexual e a condición de migrantes.
- Elaborar diagnósticos sobre a participación das mulleres e as persoas LGTBI nos espazos de Podemos Galicia, desenvolver medidas para garantir tanto a transversalidade da perspectiva de xénero como a democracia paritaria na organización, activar protocolos para a prevención, a sensibilización e a intervención en casos de acoso e agresións machistas e LGTBIfóbicas.
- Desenvolver plans de formación en feminismos e LGTBI dentro da organización, tanto para cargos orgánicos como institucionais e para toda a militancia.

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

- Analizar o impacto das políticas de xénero na organización e a súa incidencia na acción institucional.
- Manter contacto e comunicación directas con colectivos sociais, entidades ou grupos de mulleres, con asociacións feministas e LGTBI, escoitando as súas demandas, sen cooptalas, para trasladalas ás institucións.
- Fomentar una participación real e efectiva das mulleres dentro da organización, flexibilizando horarios e dotándonos de ferramentas que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral coa militancia política.
- Garantir que as políticas LGTBI teñan un papel primordial no desenvolvemento do traballo da Secretaría de Feminismos e LGTBI.

Manuais e protocolos

Co fin de garantir a participación das mulleres, a democracia paritaria e os liderados feministas e corais dentro da organización, e que esta sexa un espazo seguro para todas nós, redactaranse os seguintes manuais e protocolos:

- a) Manual de boas prácticas en reunións e asembleas. Un documento que vele pola participación paritaria, que estableza un sistema cremallera de turnos, que favoreza a intervención das compañeiras que non acostuman a intervir, que evite tomar en acta a repetición por parte dos compañeiros de ideas ou propostas realizadas previamente por mulleres e que regule e penalice comportamentos discriminatorios ou violentos.
- b) Manual de linguaxe inclusiva. Unha ferramenta que se implementará na estratexia comunicativa da organización, tanto en redes como nos documentos e publicacións da organización, evitando as discriminacións de xénero e a LGTBIfobia. O manual incluírá un protocolo que regulará todas as representacións visuais, carteis e imaxes para evitar o sexismo.
- c) Protocolo contra as violencias machistas, o acoso sexual, acoso sexista, por razón de orientación sexual, identidade e expresión de xénero. Para evitar, prever e sancionar algunha das situacións anteriores, Inclúirase un protocolo que axude a identificar e denunciar este tipo de comportamentos. Co obxecto de axudar ás persoas damnificadas requirirase ao Comité de Garantías Democráticas que conte coa colaboración dunha persoa experta na materia para orientar e asesorar ás vítimas.
- d) Protocolo de loito público e responsabilidade institucional ante as violencias machistas e LGTBIfóbicas. O seu obxectivo é facer da organización un espazo comprometido coa politización das violencias machistas e LGTBIfóbicas, co loito público que merecen os asasinatos machistas e co cuestionamiento da cultura machista e LGTBIfóbica.
- e) Manual de uso de Telegram. Os diferentes chats oficiais de Telegram son puntos de encontro, de intercambio de ideas, de enriquecemento, de debate e de participación. Mal utilizados, en cambio, convértense na orixe de conflitos, malentendidos e faltas de respecto. A Secretaría de Feminismos e LGTBI, en colaboración coa Secretaría de Comunicación, encargaranse de realizar unha guía de usos de Telegram con perspectiva de xénero. Nesta guía terase en conta a conciliación, os horarios das mensaxes, as formas e o ton, e prevírase calquera tipo de acoso ou de violencia.

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

f) Protocolo de comunicación e de redes. As redes son a mellor plataforma para visibilizar as loitas e retos aos cales se enfrenta o feminismo diariamente, así como para sumar forzas ás causas expostas polo movemento feminista. Redactaremos un protocolo de redes feminista, que ademais de usar a linguaxe inclusiva, apoie a través de campañas as diferentes iniciativas feministas expostas pola organización. Marcaremos as datas importantes para preservar, entre outras cousas, a memoria histórica das mulleres (previa elaboración dun calendario feminista e LGTBI). Visibilizaranse os avances que leve a cabo o movemento feminista e LGTBI, así como os logros das mulleres e das persoas LGTBI que teñan cargos orgánicos no partido. Faranse campañas que animen á participación.

Formación Feminista

Para aplicar os principios do feminismo na nosa organización é necesario estar ben formados e formadas e coñecer as políticas de xénero polas que traballan diariamente nosas representantes políticas e militantes feministas.

- a) As persoas das diferentes Secretarías e Áreas do CCA recibirán unha formación específica de xénero semestral en relación coa súa área, á que tamén poderán asistir as ligazóns dos círculos.
- b) Cada trimestre impartirase unha charla-taller de empoderamento aberto a todas as mulleres militantes.
- c) Elaborarase un programa semestral de feminismos, conxuntamente coa Área de cultura e formación, no que se abordarán a través de talleres, charlas, actas, cinefórum, etc., os temas asociados ao xénero que se traballan na nosa organización.

**EN GALICIA
PODEMOS.**